

Situación do Castro e características xerais



2

caderno de campo

Castro de Elviña

Castro de Elviña

CADERNO DE CAMPO 2

situación
do castro e
caracterís-
ticas xerais

Nome:

Centro Escolar:

Curso:

Data:

O Castro está situado en San Vincenzo de Elviña, baixo os montes da Zapateira, nun outeiro cunha amplísima vista do seu redor e da Coruña.

Consta de tres recintos fortificados con cadansúa terraza:


- A croa: a parte máis elevada, rodeada dunha forte muralla. É a zona habitada máis antiga e pódese datar nos séculos II-I a.C.
- Terrazas inferiores: varios espazos con murallas e construcións, como o pozo-alxibe. Estes espazos habitáronse en época romana.

Nas escavacións arqueolóxicas vanse descubrindo os restos das construcións e dos obxectos que tiñan os habitantes do Castro.

Co estudo destes restos, hoxe podemos saber que o Castro estivo habitado dende o século II a.C. (probabelmente xa no III a.C.) ate o século IV d.C.

Localización do Castro

Na foto está sinalado o Castro. Sitúo e sinalo o Castro no mapa e poño as referencias que coñezo (por exemplo o colexio, o meu barrio, a Torre de Hércules, o Castelo de San Antón).



Describo o Castro

Observa a fotografía aérea e sinala no mapa de curvas de nivel os seguintes datos:

- O Castro ocupa un outeiro e ten tres tramos de murallas. Sinálaas no mapa cunha liña de cor.



- A zona máis elevada denomínase croa. Colorea a zona da croa.

- As curvas de nivel están máis separadas na croa e nas zonas orientadas cara o:

N, S, E ou W?

- Isto indica que o terreo é nestas zonas máis PINO ou CHAN?



Identifico cos números e completo

1. Porta Suroeste da muralla da croa
2. Porta da muralla da croa: é a mesma que a anterior?
3. Pozo-Alxibe
4. O equipo escavando: onde? na croa ou na terraza inferior?
5. Camiño laxeadado e canalización da auga: está xunto ao pozo ou está na croa?

.....




Plano das escavacións arqueolóxicas

Sinala no plano:

Os puntos cardinais: N, S, E, W.

1. Muralla da croa: os tramos escavados e os que están sen escavar
2. A croa
3. As portas da muralla da croa
4. O pozo
5. A "Casa do tesouro"
6. A construción onde apareceu o relevo fálico
7. O posible taller de fundición





Coñecemos todo o Castro?

O castro comezouse a escavar en 1947 na zona Este e Sueste. Despois sufriu un abandono e en 1980 reanudáronse as escavacións na zona Este da croa e, de novo, abandonouse. Dende 2002 estanse escavando novas áreas e mantendo as casas e estruturas escavadas no pasado.

Cres que xa coñecemos todo o castro?

.....

.....

.....


Pensas que quedan zonas sen escavar?


.....

.....

.....

Colorea no mapa as zonas que xa están escavadas





Reflexionando e razoando

- Que orientación teñen as zonas de habitación que coñecemos hoxe con respecto aos puntos cardinais? Pensas que son as máis idóneas para vivir?

.....

.....

.....

.....

- Practicarían a agricultura? Onde estarían situadas as terras para o traballo agrícola? Por que?

.....

.....

.....

.....

- O Castro ten tres murallas. Tiñan os seus habitantes tanta necesidade de defenderse? Poderían ter tamén outro significado ou función estas murallas?

.....

.....

.....

.....

- Por que elixirían este lugar de Elviña para habitalo?

.....

.....

.....



**Museo Arqueológico
e Histórico**
Castelo de San Antón



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura